

BOAS PRÁCTICAS NA PESCA PARA EVITAR OS LIXOS MARIÑOS

-Toda a tripulación do barco debe ter coñecemento das BOAS PRÁCTICAS para evitar a xeración de lixos mariños-

-Organiza correctamente a túa carga e SEPARA sempre os residuos no barco para facilitar a súa xestión posterior-


-Non se deben tirar pola borda cabichas, envases de bebidas, tapóns, plásticos, envases, e restos de carnaza ou cebo, TODO DEBE XESTIONARSE de xeito adecuado ao chegar a porto-

-VIXÍA ben os aparellos de pesca, e no caso de perdas accidentais, informa a tempo para facilitar a súa recuperación-

-Durante os procesos de mantemento e limpeza, xestiona correctamente todos os residuos xerados, incluídas as augas residuais, dacordo coas regras do Convenio MARPOL-



DE SEGUIRMOS A ESTE RITMO,
NO ANO 2050 O PESO DOS RESIDUOS
PLÁSTICOS NO MAR SUPERARÁ AO DE
TODOS OS PEIXES DO PLANETA!



15%

das especies afectadas polo lixo mariño están catalogadas como vulnerables, en perigo ou en perigo crítico

27%

é segundo a Comisión Europea a porcentaxe de lixo mariño provinte de residuos plásticos de equipos de pesca


40%

dos pescadores afirman levar a porto o lixo mariño que atopan nas súas labores de pesca



695.000.000 €
... É O CUSTO ESTIMADO DO LIXO MARIÑO AO SECTOR PESQUEIRO SEGUNDO O SERVIZO DE ESTUDOS DO PARLAMENTO EUROPEO

ESTRANGULAMENTO, ASFIXIA e ENMALLÉS son os principais impactos que producen nas AVES, PEIXES, MAMÍFEROS e REPTÍS MARIÑOS as artes de pesca perdidas á deriva...



É A HORA DE ACTUAR!

II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no PNMT Illas Atlánticas de Galicia